

ECOS DA NÉBOA

Primeira edición: marzo de 2012

Non se permite a reprodución total ou parcial deste libro,
nin a súa incorporación a un sistema informático,
nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio,
for este electrónico, mecánico, reprográfico, gramofónico ou outro,
sen o permiso previo e por escrito dos titulares do COPYRIGHT

© desta edición: Editorial Trifolium, 2012

© do texto: Ricardo Martínez-Conde, 2012

© do limiar: Anxo Tarrío Varela, 2012

© da ilustración da cuberta: Ánxela Pérez Meilán, 2012

ISBN: 978-84-938669-9-0

Depósito Legal:

EDITORIAL TRIFOLIUM

Tfno.: + 34 660 530 525

editorialtrifolium@gmail.com

editorialtrifolium.blogspot.com

Esta edición de

Ecos da néboa

saíu do prelo nos talleres de Lugami Artes Gráficas

Printed in Galicia (Spain)

RICARDO MARTÍNEZ-CONDE

ECOS DA NÉBOA

EDITORIAL TRIFOLIUM
LITTERAE

LIMIAR

A noite camiña con sabia lentitude
(R M-C, *Lento esvaece o tempo*, 1990)

Ha sido una noche sin esperanza para el árbol
R M-C, *Los argumentos de la tarde*, 1991)

Siempre el tiempo oculto en la conciencia
siempre el tiempo.

He tomado la pluma por miedo a la tristeza
R M-C, *Sombras del agua*

¡Un barco: al menos esa libertad!

La niebla es la certeza
(RM-C, *Cuentas del tiempo*. 1994)

¡Ese delicado descanso do horizonte: a soidade!
(R M-C, *Ecos da néboa*)

Es atributo conocido del joven pertinaz decir cosas triviales,
pero dando a la vez sonoros sorbetones en la sopa,
y salpicando de paso si es posible,
para que al fin le presten atención.
(J-A Valente, «Nueve Aforismos Para Un Neojoven»)

Less is More. Xa está dito, aínda que non pareza moito dicir, pero un non se decata do alcance que poida ter esa máxima de Robert Browning até que se pón a escribir sen pretensións de abourar o lector pero coa vaga esperanza de poder enganarse a si mesmo, podando as máis recónditas redundancias, algunhas ben á vista, na tona da escritura pero tantas veces encastradas nos repregamentos da tectónica semántica; procurando a imposíbel substantividade e fuxindo, inutilmente, do adxectivo mimetizado en cada recanto do idioma, coidando inxenuo poder afastar todo o que empece contemplar a inasequíbel cerna do pensamento que pide saída ceibe á luz e que a miúdo se anica comprimido entre a faramalla dos prexuízos e das banalidades, dos imagotipos, barullos e boubas que tan só se poden escorrentar con soedade e silencio, eses dous estados tan difíciles de conseguir, como se ten manifestado dende os séculos horacianos máis retirados, nos espazos máis recónditos do pensamento oriental e en todas as tradicións filosóficas e poéticas, e perdóeseme agora a redundancia.

Pola súa obra édita, que xa vai ben nutrida con non menos de dez poemarios, entre os escritos en galego e castelán, sabiamos que o labor escritural deste poeta de mirada concentrada só é posíbel dende unha vivencia profunda da contemplación activa e creadora, e cara aí foi facéndose ese labor engordíñamente máis lixeiro, dende os primeiros libros, que xa levitaban de seu imitando

o lentor vexetal, até estes *Ecos da néboa*, crisol no que Martínez Conde aquilata a voz poética ínsita no texto, en aleacións de extremas pulcritudes e amalgamas xenolóxicas, todas as formas microliterarias ensaiadas durante o seu itinerario como escritor de cerna densa, dende os *haikai* de *Orballo nas camelias* ou *A núa lentitude*, até as múltiples variantes de aforismos que salfiren toda a súa obra baleirados, iso si, de calquera dogma e intención guieira ou moralizante, simplemente vencellándose á tradición da modernidade minimalista en canto á «concentración expresiva por medio da que se transmite unha visión persoal e fragmentaria da experiencia» que debe procurar complicitade nunha recepción lectora intelixente e activa que cerre o círculo da, difícil pero imprescindible, comunicación entre dúas soedades,

Todo porque Martínez Conde é sabedor, relativamente esperanzado dende o seu escepticismo lúcido, de que a escritura só collerá adherencias de lexitimidade (dígase xustificación, se se preferir), e acaso algún sentido, se logra reflectir, aínda que non sexa máis que por aproximación, vivencias humanas universais, alambicando o balbordo ruidoso en que se aturde e aboura a nosa especie para ver de aillar de entre tanta zaramallada ese máximo común aniquilador que é o tempo en condicións extraordinarias de silencio e soedade emblematizadas nun barco solitario e nocturno entre a néboa, fantasmal meteoro no que o poeta cifra a única certeza.

Porque Ricardo Martínez Conde pertence á unha rara especie de escasísimos poetas, e aínda máis escasos na tradición poética galega, se disimulamos excepcións como Luís Pimentel ou Uxío Novoneyra, que se caracterizan pola procura obsesiva das voces das cousas en si, do seu *noúmenon* (νοούμενον), onde, caso de se atoparen e mesmo de existiren, residiría o nimbo, a améndoa

esplendente de luz invisíbel ao exterior, abeirada do mundo, na que o eu poético podería escoitar o seu propio pensamento sen interferencias. Dificil misión nun tempo en que, como diría hoxe Oscar Wilde con máis razón ca nunca, todo o mundo sabe o prezo de todo e o valor de nada.

Difícil máis ca nunca atopar aquela «escondida senda» que procuraba na súa fuxida do barullo mundano Frei Luis de León e pola que xa Sócrates, segundo relata Platón no *Banquete*, desaparecería da vista pública, e mesmo da agarimosa mirada dos amigos, cando albiscaba a proximidade dunha revelación, dalgunha epifanía, no seu continuo matinar.

Titánico empeño e exemplar tarefa a de Martínez Conde nun tempo en que escribir parece que require unha dedicación febril e nerviosa para saír antes que ninguén ao *mercado* con *productos* de moita aparencia paratextual, logorrea e presunta profundidade que murchan ao lle dar o aire libre da lectura a pouco de abrir o libro, ese artefacto que vai camiño de perder, que xa está perdendo hai tempo, a súa aura para se multiplicar en produto industrial de supostos pluses contabeis engadidos, adocinado en moreas nos superhipermegamercados, onde permanecen quince días antes de pasar pola trituradora que propiciará máis espazo nas xanelas para o seguinte atentado contra a literatura, digo, contra a decencia intelectual. Un proceso seica moi democrático no balbordo barullento do consumismo indiscriminado e paleta proxectado sobre unha actividade que se denomina *lectura*, limpísimo exercicio que require unha dose moi grande de intimidade e de reflexión en silencio.

Todo ben lonxe, esas présas, das ansias do noso poeta, que queda a miúdo suspenso na contemplación do voo dunha gaivota ou dun barco frío e nocturno co que se irmanda no que ten de

perfección isolada e que o achega a si mesmo «a solas, sin testigo,/ libre de amor, de celo,/de odio, de esperanzas, de recelo», como quería o poeta agostiño en Salamanca na procura dunha vida afastada. *Beatus ille*.

Experimentado xa nas distancias curtas de fondo calado, como se pode comprobar nos seus libros avariciosamente comprimidos que deixou saír á luz, Martínez Conde ofrécenos agora algo que se viña decantando en cada un deles como zume cristalino deitado en alambique serpentín, pinga a pinga, pausadamente, con mirada paciente e penetrante e que ben podemos dicir que estivo sempre como postulado esencial da súa poética máis propia e cernal todo ao longo dunha traxectoria de escrita exemplar que el soubo trazar evitando o doado desbocar dos agalopes posmodernos con firmes rédeas de contención filosófica e saber literario. Refírome á reclamación insistente e calada dunha soedade radical que o poeta gañou con tesón e teimosía estruchando o limón da vida en solitario ou, a moito ser, canda espíritos irmáns que lle falan dende lonxe e cuxas lecturas latexan como pulsos seculares e nocturnos en cada páxina, a rebentar de dúbidas e azares que tiñan de desembocar no limpo e cruel desánimo que Eric Marcus soubo recompilar no seu *Expect The Worst*, onde o aforismo menos acedo está no mesmo título do libro e procede da fábrica do propio antólogo, pero onde Martínez Conde puido ler tamén e leu, sen dúbida, aquel que rubricou Jean Giraudoux: «Só os mediocres estan decote lucíndose», ou quizais mellor aqueloutro do *Eclesiastes* onde se avisou de que os cántaros baleiros soan moito.

Este prologuista é consciente de que atreverse a presentar unha escritura tan concentrada como a do filósofo-poeta Ricardo Martínez Conde nun limiar que, por respecto ao autor e a quen lea, non debe ter extensión abusiva, é un exercicio de temeridade

intelectual dificilmente perdoábel, un risco que só a amizade e a admiración poden disimular, pero crea o meu indulxente e improbable lector que todo o que se escribiu nestas poucas liñas é o menos que se pode dicir dun poeta que, situado nos antípodas do *Neojoven* que José Ángel Valente perfila no encabezamento destes parágrafos, de seguro, supón un luxo para as nosas letras.

Anxo Tarrío Varela

ECOS DA NÉBOA

Sei quen non es

Remo Bedoi

A dor non está no descoñecemento mútuo. A dor está no coñecemento deliberado, repetido, de que é así

¡Merecédeme vos **tamén**, cousas da vida!, pensaba para si o iconoclasta

¿Acaso perdoar non é, tamén, un van egoísmo?

Non, **non**; non hai ningunha certeza nas sospeitas. (¿Ou si?)

Non é soidade, **senón** a choiva que, esvaecente, a perpetúa

A claridade do Outono forma parte da identidade da natureza: a cualidade pasaxeira da auga; a luz da árbore, case espida; o equilibrio que expresa o val ondeado pola herba...

O Outono resalta así o coñecemento, a espera

Dicía: ¿de qué me serve amar?, non é abondo
o desexo de amar

¡Qué soidade tan grande a dese barco frío,
esgallado, varado na area, a expensas dunhas ondas
(o tempo) coas que non pode loitar!

“Non hai mérito sin sombra” —díxonos

As cifras, sobre todo as do mal, sempre serán revisables á alza

A virtude puidera estar no acto mesmo de pensar,
na perfección desa soidade; non no que se pensa

¿Haberá que reivindicar a ignorancia como modo
de aclarar algunha das graves dúbidas?

Case todo home desexou algún día ser significativo
tendo como fondo o escenario da chuvia Outros
desexaron, sen máis, ser chuvia

Hai unha orixe, que xustifica; un transcurso, que
vivifica; un destino, que modifica, e unha dúbida
que, no bico dos pés, volve á orixe

A muller é unha dúbida esencial. E ha ser así, para
ben do principio de Harmonía

Escribía para sentirse só. Ese era o seu valor da
comprensión, de irmandade

¡A primicia de existir!

Pensar nunca estará de moda, como non o estarán
os medicamentos máis tradicionais e amargos

Verán como solicitude de esquecemento: a saber
por qué

A min dádeme natureza fría para amar de verdade,
dicía

Unha pena só conta cunha parte de realidade

Amar non só para coñecer; tamén para ignorar

Hai obxectos que cumpren un cometido que,
en principio, podería pensarse está reservado para
as persoas: o de suscitar emoción (os barcos,
por exemplo)

O xornal: o pan fresco da realidade nun novo día
incerto

O mínimo que se lle pode pedir ao día
é relixiosidade: iso é o mínimo

Cada viaxe, en efecto, conmemora algo dentro de
nós. De aí a súa sedución, a súa relación secreta

Viaxar: aprender a sentir

¡A gran música das estacións!

A estirpe dos valentes, ao parecer, cesou.
Foi substituída pola dos sobrevivientes, unha raza
antropófoga en permanente fuxida onde, ao final,
todos atoparanse

¿Unha vida chea?: confórmome con que sexa unha
vida

¡Os veleiros —a idea dos veleiros— protexía o seu
silencio!

Non se afastaba nunca da noite; era a súa única
garantía

“Vou e veño. Quediñamente son, gracias a non ser
feliz”

Todo home é non tanto unha certeza como unha
suposición

Ordenar, contar as follas unha a unha ata conseguir
un libro, ata acadar o número de palabras escollidas
que, por unha ou outra causa, non chegamos a
pronunciar

Se digo Primavera, chuvia ou mar, falo de algo
material, mais refírome a min, a unha forma de ser
e de pensar

Escribir para poder falar abertamente

¡A casa propia, o lugar onde vive o aduaneiro das
dúbidas!

Unha tarde a soas pode ser unha vida a soas

O sexo —dicía— constitúe un dos vencellamentos
da sumisión, mentres que o pecado éo dunha
hipotética liberdade

¡Parece como se o amor tivese algo de excesivamente patético para o home actual! ¿Será que somos menos libres cada vez, en contra das aparencias?

A soidade ten os seus medos, que a viven

Escribir con palabra espida: o aseo diario

Os garabatos dun día xa son, necesariamente, unha biografía

¡A amizade, ese escasísimo froito da árbore máis común!

Hai homes que semella estivesen feitos de espellos deformados tal que a súa presenza, a súa proximidade, confunde con repugnancia ¿Haberá unha raza social elaborada con tales compoñentes?

Do predominio da tardiña só sei polo silencio que me chega. Corridos os visillos, a certidume das cousas déixase ir no paso de tempo, sen máis.
¡Aloumiños da filosofía, das cousas sinxelas!

A violencia non fai senón completar esa
imperfeción que o home constitúe en por si
como depredador da súa propia especie.
Mais, ¿que se podería esperar dun ser feito
para a sombra, condenado a ela eternamente?
El, que, a diferenza doutros animais, si coñece
o valor das sombras

¡Seríamos capaces de tantas esperanzas!, sobre todo
cando temos esperado só

Os acontecementos, as anécdotas, non xorden; xa
estaban aí coa súa indiferencia ás costas. É un quen
tropeza con elas, e así se identifica ou se atorda,
como non puidera menos de ocorrer cos anacos
daquilo que se nos dá como ‘a vida’

Pernoctar: satisfacer ao corazón á beira
do coñecemento

¡Que distinto o esforzo do merecedor
ao do triunfador!

Un tempo, tamén, para educar o hábito
nas certidumes: a inactividade

Do plato da vida, ao fin, aprovéitase ben pouco;
folerpas de poesía

A distancia entre a realidade e un mesmo é un
espazo cheo de baleiro e significación. É un espazo
sempre fiel, tan próximo como a propia vida

¿Un día é algo tan definitivo como aparenta?
¿Quizáis é máis aínda?

¡Ese delicado descanso do horizonte: a eternidade

A cada palabra cábelles a honra de ter construído
unha parte da realidade. O home, a través delas,
non fai senón rexeitar, especular

Amar, se acaso, a idea do Amor. A única construción
fiabel

¡Movíao tanto a curiosidade de vivir, a precariedade do vivir!

¿O cargo público dun home como o equivalente á sua función como home?

Precisión, frugalidade expresiva para que quede espazo ó horizonte (para que haxa un curruncho onde gardar a debilidade e a vergoña)

Os climas son, amáis de climas, memorias de identidade

Un pensamento é un xesto de vontade, de coñecemento. É unha confirmación, identificadora, da incertidume

Máis vale unha filosofía da morte que o recordo do pracer, pois deste só o núcleo se salva (e iso porque está feito da mesma sustancia de baleiro da que se nutre a morte)

¡Ai, a prontitude do éxito, as escuridades do éxito!

Felicidade é aquilo que, habendo sido outorgado definitivamente aos outros, só cabe reparar niso desde o lado do observador, do visitante

A permisividade é unha forma de certidume. E de ignorancia

A relación humana: unha viaxe a pé nu polas pedras

¿Perdoar? Se acaso que me perdoen

Sinxeleza é definición

Un home que escoita e pensa é un home que se ha referir, necesariamente, ao mar. Mais non hai solución

O día está feito de sol, de cousas que se tocan coa man, de palabras. Iso axuda a entender, a ordenar, a sentir. Constitúen así a compañía, a paisaxe

A luz. A primeira comunicación

A muller dende fóra. A muller dende dentro.
¿É tal, quizáis, a exorcización necesaria cara
á purificación do home?

Un pobo está constituído polas súas palabras

Ao clima atribuímoslle ata agora as propiedades
máis variadas, as responsabilidades máis dispares,
e iso a propósito de que se limita a cumprir
fielmente a súa condición de espello respecto dos
nosos desvaríos climáticos interiores, lugar onde
os axentes atmosféricos non só son imprevisibles,
senón violentos, contraditorios e aínda destrutivos

¡Polo menos ter o alimento dunha vontade
distinguida que nos axude a relativizar!

Un libro para coñecer. Un libro para se coñecer

¿Enviar un manuscrito?: ¡cánta nudez! A un cósta-
lle tanto desprenderse da súa pel

O frío. O inverno. Un libro: sempre o destino a man

O lector ignorado: esa é a compañía

O periodismo, a escritura viaxeira

¿En qué lugar poñería os meus intereses? Unha
cuestión de pudor

Teréi que referirme un día con amor á miña pluma:
¿non fixo ela tanto como eu? ¿Non son as súas
palabras as miñas?

Desexaba oír a música do piano: para dicirse, para
desdicirse

¿Poderán ser amigos aqueles que non falan de sí
mesmos?

O colectivo embrutece mesmo os matices da súa
identidade

Felicidade é aquilo que, habendo sido outorgado
definitivamente aos outros, só cabe reparar niso
desde o lado do observador, do visitante

Deixou o libro a falta do derradeiro capítulo.
Quería alongar canto puidese o final volvendo
unha e outra vez ao seu interior

Aquel home ilustre pensaba para acadar a forma
de non ter que pensar

O mirar: o recurso do perdedor

Él tamén tiña o seu reino: o do silencio

Cada día un agravio ao que hai que acudir, ao que
hai que atender (Ben o sabía, e aceptábao así)

O poeta: aquel que subliña na tarefa do narrador

“Co remate da luz, as afiadas preguntas”, pensaba
cada entardecer

¡A perfección: a medida do imposible!

¡O Amor!; ¿e logo que queda?

¿E un ben ou un mal o Outro? Xogo do xogo:
iso é todo

¡A música sempre procede de lonxe!

O Ceo como fundamento. O Inferno como argu-
mento. O home, só

Unha precisión sempre supoñía, para él, unha
dúbida razoada

Mantiña aínda as súas dúbidas respecto do mar:
“¿escoita ou fala?”, preguntábase

Sorriso como sinónimo de nihilismo

O corazón, ese actor histriónico

Tomaba, polo común, o paradoxo como un espello

¡O infinito como a certeza dos inxenuos!

A lúa chea non fai senon confundir respecto
da verdadeira claridade, que é a noite

¿Será necesario —pensaba— gardar algo de fe,
por se é o caso?

Por un defecto de formación, o home tenta recorrer
en ocasións á exactitude. ¡Como se niso houbese
algunha garantía!

¿Quen, para si, tería a liberdade de decidir a canto ascende a pena?

O que durme posúe o Soño (Privilexios da inconsciencia)

¿Por que esa pretensión de tocar o final?

O orgullo é esa prenda vella, pasada de moda, a pesar do cal non nos resignamos a prescindir dela

¿E qué ha ser daquel que acrecenta a proposito as dúbidas?

O segredo como unha variante da vergoña

Un boomerang é unha paixón que se fixo boomerang

O poder é unha arma de fío moi cortante. Aquel que a posúe, enxendra o risco de resultar ferido gravemente

O escritor pretendía mellorar a soas a caligrafía dos
seus sentimentos

Díxolle á mente: foxe da perfección

¡O voo da chuvia é o meu desacougo na procura
dun ceo!

Negábase a matar sequera a un segundo

E o médico receitaba sempre o mesmo: cultura
(O primeiro, dicía, é coñecer as sombras)

¿A quen escoitar cando é de noite?

“¿Que será do día que se afasta? ¿Comentará con
alguén os meus desacougos?”, pensa o teórico

Din que pedíu asilo á noite

Amade o pecado (e a súa didáctica)

Cara ó seu final, só quería a compañía do tempo

As Institucións naceron para que esteamos protexidos
do seu efecto nocivo; velaí a vixente contradición.

¡Un día de néboa, e todas as certezaas véñense
abaixo! (Delicadezas meteorolóxicas)

O fin do mundo, sorprendentemente, está sempre
un pouco máis aló

¿O pracer como un argumento solitario?, pensou

Para se fortalecer tomaba todas as mañáns un vaso
de pesimismo

Un día cavilou: ¿ata que grao de forma hei de
moldear a miña vida?

Todos queríamos un barquiño no Ceo: pretensión
espiritual-metafísica, navegación de altura

¡Transparente probidade a do xusto!

¡A metástasis da melancolía!

¡O xuíz que rexeitaba agrememente o espello!

O pracer é mitoloxía; é un deus

Crían que todo era doado de ser medido

Un novo (e suxerente) principio da termodinámica:
toda acción do home se volverá contra o seu
executor

¿A definición como xustiza?, ¿como unha tentativa
de beleza?

O que o súbdito pensa do amo é aquilo ao que
o amo non quere dar credito. E viceversa

¿Quen dixo que o perdón é o principio da derrota?;
¿non será da traxedia?

Aquel home baseaba toda a súa educación nos
xestos estudiados

¡Intenso mimetismo o da noite!

Acerca da beleza só cabe finxir, respostou a dama,
solemnemente.

A comprensión do Outro é sempre unha virtualida-
de, unha forma de realidade aparente.

A esperanza —dicía— é unha tixola co mango moi
quente ('Cousas' na vida)

A beleza é a demostración de que o tempo existe

Mais aló está o mais acó. Todo é o mesmo.

Da noite como aventura todo é de proveito

A virtude resulta, nalgún caso, a principal
sospeitosa

¿Por qué non pedir o imposible á hora de mirar?

A muller é quen fai os nós no meu único fío
—pensaba sen sorpresa.

O Outro non é o meu espello, só é o seu portador
(¿ou o seu propietario?)

O principio é a Noite

¿O argumento da ira?: o achado dun destinatario

O principio é a Memoria

O río e o pobre sempre se darán a espalda, toda vez
que un mira cara adiante e o outro cara atrás

O futuro sempre foi promíscuo

Adquirir. Adquirir para a posesión, para
o esquecemento. ¡Cántas veces a ansiedade
suplanta á memoria!

Non esperedes comprensión do tempo, dicía,
non é o seu cometido

A comida é un paseo inesperado polos lindes dos
sentimentos

Digamos que o neno advirte ao pai, e o pai ao seu
pai, e así en todo tempo

Un día contarei os lapis —pensou— para coñecer a extensión das miñas vicisitudes. Eles marcaron, sen dúbida, a paisaxe da miña hipocondría espiritual.

A auga non nos falou do pouso ó seu paso

¡Cántos actos (cántos xestos, cantos comportamentos) levan no seu seo a identidade do amor, sen se advertir dese risco!

¿É preciso o poder?, matinaba

Amor e tempo teñen a mesma realidade: a da consumición

¡Tremede ao prestixio!, verrou, mentres os despedía

Nunca formulou promesa ningunha á mañá, mais tampouco ningunha ameaza. Quizáis ese sexa o segredo

O prólogo como a autobiografía intelectual

Sostiña que a Arte encerra a súa capacidade de
seducción no feito de dotar de medida, de sentido
do tempo, a esa sensación que chamamos beleza

Aquel home defendía, illadamente, a virtude
daquilo que non agarda

Mirar é convocar á memoria

Altivo e solitario. ¿Para ver mellor, quizáis, sobre as
dúbidas?

Era como o vento: nunca ameazaba, sempre advertía

O perdón como a arma dos pobres

Aténdonos a aquilo visto e experimentado, cabe
deducir que o home (e a muller), como especie
animal, carecen tamén do sentido da lentitude

A pesar da súa aparente valentía, do seu espido
orgullo, apenas se atrevía a lle esixir algo
á memoria

A plenitude social esixe ignorancia exclusiva

A seducción do río está na súa capacidade para
evocar palabras, nomes...

A Historia actúa impunemente sobre a nosa razón,
mais iso non supón tanto valentía como desprezo
pola hipotética condena que puidese sobrevivirle
por tal feito

¿A temeridade como unha forma de sinceridade?

¿O sacrificio é o motivo de tenrura para os parvos?

Ai!, as leccións de sabedoría da árbore: elegancia,
vontade, proveito, harmonía

Fundou sempre a súa sabedoría en vivir a galbana
como un don

¡Escoitade, escoitade o discurso das follas no Outono!

¡A néboa como a representación máis intelixente
da realidade!

¿Cara a que lugar ir? ¿en que curruncho
de un mesmo acubillarse?

O pecado, ese froito fermoso de casca agre

Vivía o triunfo da heterodoxia como un amencer

¿Un dos depredadores da memoria?: o tremor

A tendencia foi, dende sempre, cara á defensa
do principio da razón. Ata tal punto que agora
xa todo parece razón; un mundo reseco
—dixo sen nos mirar.

Ás veces, como en soños, parece como que o home
e a auga sexan eternos

¡Para si quixesen moitas verdades a firmeza das
sospeitas!

E que lugar axeitado podería habilitarlle ao senti-
mento?, pensa o escéptico.

Dubida.

'Non existe', respóndese

En efecto: no fondo, sempre se é proclive en favor
daquilo que nos merece desconfianza

Toda intimidade será sempre a imperfección dunha
actitude racional

Sempre regresaba a casa, e aí remataba para el
a estratexia da liberdade. Agora viña a intriga

Humor como unha das acepcións da soidade

O reloxo cumpre coa súa función: abalar ó silencio

Advertidas as diferencias, vede aí o autorretrato

Ese can deitado ao sol e aos seus aloumiños tamén
me suxire o destino —pensou o heterodoxo

Velaí o segredo da harmonía: non preguntar. Como
a árbore, como o veleiro

É lóxico envexar á muller: ela sabe tamén vivir así,
como sobre da punta dos pés

¿Por que preguntar? ¿Para que?
E o espello facíase as mesmas preguntas

Os amigos son como o vento: non sempre están
presentes, e ás veces veñen de través

Pericia é, hoxe en día, entender máis do aparente

O certo é que cada dúbida supón un paso máis cara
ó final

¿O mellor lugar?, o hábito

Certo é aquilo do que non se está seguro a plenitud.
A plenitude, que nos é allea, sería a Verdade

¿O Outro é o ladrón do que eu son?

Veciño é aquel que altera a miña medida do tempo

As palabras poéticas son como paxariños no ar;
fermosas, en aparencia inestabls

Procesar: enrevesar a orden establecida

A paisaxe, en ocasións, é a portadora do espello da
memoria, alí onde se pensa o que en realidade
tivésemos querido ser

A tristeza é unha inversión a longo prazo

O vicio é unha vestimenta de equívoco valor que
pode proporcionar folgura dialéctica, beneficio
material e a garantía dun cómodo arrepentimento,
sempre ben acollido nunha sociedade iluminada
polo pecado e a contradición

¡A música perfecciona a natureza!

O Outro é aquel que nunca serei eu, a pesar do
parecido

Os argumentos da Poesía nunca serán capaces de
soster unha ideoloxía, de aí a súa vixencia

Pensar non sempre se rexe por un principio
de economía, principio este que, por si mesmo,
puidese serlle educador no que ten de frugal,
de submisión ó necesario, desprezando o excesivo

¡A perversión é, tantas veces, a materia dos sonhos!

Posibilismo é o determinismo do solitario

A literatura comete ás veces, entre outros, un inxenuo erro: traballa (pensa) a natureza humana como se fose plastilina. De aí que as súas creacións sexan efémeras e imperfectas

Antes da lectura, todo en min era breve. Despois da lectura, a miña condición de brevidade gañou en consistencia

A exclusividade como a medida do ignorante

A Filosofía é o texto mais harmonioso que teña podido confeccionar a dúbida

Unha das virtudes da beleza é a súa carencia de dono, tendo en conta o seu confirmado don da ubicuidade

O ollo dispón o escenario. O silencio a trama.
O resto é personaxe

No primixenio haberá de estar a virtude. Ou, cando menos, o seu fogar, onde poder esperala

A verdade é un inquilino que normalmente non está na casa

A percepción da realidade é, polo común, a manifestación dunha debilidade que pronto disimulamos baixo o abrigo da filosofía

Vou espido, dicía, do vicio de ser o posuidor da virtude

O paradoxo é o líquido contrastante da veracidade, espetóunos

A ausencia dela: iso é a beleza

O desexo confirma non tanto un costume como un desafío

¿Cándo nos convenceremos de que o vento e a súa mensaxe e a súa persistencia non teñen culpa?

Pervive o que foi dubidado

Virxen é o que aínda non adquiriu ser.
(Como se fose Mitoloxía)

O vago é aquel que xa coñece a resposta, sexa esta da vaguedade que sexa

O hipotético é, polo común, o prólogo do inevitable

¿O traballo dignifica ao home?
O traballo, se acaso, dignifica aos instintos

Busquemos xa ao responsable auténtico: aquel sentimento que propicia o amor, máis importante que o amor mesmo, que non representa xa senón o descenso á prosa máis ubícu

No principio foi a Sorpresa, tal como agora

A precisión, moitas veces, ben puidera ser considerada unha certeza equívoca

A esperanza corrompe, pensou

Consideraba a dor como a advertencia do ben.
Como o seu precursor. Era un espiritoso

Cada día equivale a unha dobrez

Os principios non son senón a consumación do
argumento (isto é, os finais, as conclusións)

O móbil é sempre o desexo

¡O segredo espido das relixións!

Perversidade: a tiranía oculta dentro da liberdade

Perennidade: a vinganza da Espera

¡Esa constancia de querer ser!

Cando unha parte da natureza evoca ou suxire no observador unha idea trascendente é que unha das variantes da soidade gañou un acólito

¿A premisa do animal racional?: o triunfo (Unha provocación en favor da derrota)

Cando se pensa, accedese, gracias a tal disposición, á antecámara onde ule a segredo, o que aumenta as sospeitas de que ao outro lado da gran porta reside o señor da Razón

Pronunciade a palabra amor e todos se sentirán vixiados

O camiño non fai senón confirmar a sospeita

A técnica é una tentación que fixeron realidade
os outros

Mulleres da noite é unha expresión que posúe
unha xenética fermosura

O clima, como a memoria, está feito de vicisitudes

Ás veces, no título (sexo persoa ou cousa) xa se
advirte o primeiro fraude

“Os ananos, pola súa condición, teñen alma de
profetas”, dicíanos

¿Sexo material e sexo espiritual?

Sempre a mesma dúbida: cada novo día
preguntándose polo home novo que haxa nun

Ante a súa carencia de recursos foi condenado
a vivir

¿Crise?, ¿e que dicir da Filosofía?

¿Escoitachedes xa a opinión da auga?, dixo,
sen se inmutar

O mesmo mar; distinto eu. ¿Ou ao revés?

¡Cando se pensa estase tan lonxe dun mesmo!

¡A traxedia como o sorriso dos desherdados!

Si a outra vida supón vivir de costas ao de agora,
iso non será vivir. Será, quizáis, melancolía

O máis insoportable da máquina é a implícita
culpabilidade que, nun momento dado, é capaz
de botar sobre nós

A beleza semella un soño diurno

A compañía, ás veces, é quen nos proporciona
a mais educada soidade

Ó sol adóraselle porque nos minimiza

O temor supón, en moitos casos, una boa parte
da reflexión

¿En que medida nos atopamos, consciente ou
inconscientemente, inmersos na natureza?
¿En que medida a natureza está inmersa en nós
ata constituir unha valoración superior á nosa
vontade consciente?

Familia é a parte do individuo mais difícil de ava-
liar economicamente, expuxo o economista

A necesidade é a virtude do paciente; o veneno
do frívolo

Xamáis amence á hora en que o dicta o sentimento!

Pensade en miín, se queredes, como no aire
(Un epitafio)

¿Non é, tantas veces, o irreal o verdadeiramente real?

Un principio supón, en xeral, unha formulación
que oculta unha sospeita

¡O namorado, ese navegante solitario que ignora
a meteoroloxía!

¿Un escritor que escribe co espello do revés?

O ceo sempre lle pareceu esa ameaza tan alta,
inmerecida... Ou innecesaria, sen máis

Dicía: antes de probar as delicias do amor, pon xeo
no vaso

O ceo, xa o vexo, non é maior que a xema do meu
dedo

O bo escritor é o único traballador que avalía cada día as súas perdas coa maior meticulosidade

O Total sempre é o mesmo: a morte

A balanza e o espello: os semellantes

Poucas veces se alude, co pensamento, á situación intermedia. Orixe e fin recibiron sempre o mellor trato outorgado pola reflexión

¡A igrexa, esa construción deliberadamente ríxida, traxicamente paciente, en exceso altiva para a recepción do medo dos homes que andan fóra!

Economía e proveito é aquilo que só ocorre cando durmo, pensou, laiándose da súa sorte

Virtude é un espello mirado ao revés

¿O humano como a sombra do divino?; ¿quizais ao revés?

Todos desprezan a podredume do tempo;
sen embargo, tal como o esterco, nutre

O deporte como a coraxe da humillación (Sempre
hai outro que gaña)

¿O Máis alá?: iso é o espello, o que recolle
o desacougo

¡O amor, a mentira máis culta!

Sempre desexou expropriar algo dos outros

Non podía evitar a súa condición de xuíz de homes,
de aí que se equivocase sempre

Posibilismo é a filosofía da sorte

¡Tal muller (tal home) non existen nin,
probablemente, existan xamais!

A ansiedade é encheo de indixencia

O mar: o non límite (Soidade nocturna)

Considerou dende mozo o pecado
como o seu Outro

Estaba seguro: a través dos seus amigos é como
verdadeiramente se amaba a si mesmo

Din que aquela muller conseguía atalo con fío
transparente

Sen nomes todo sería posible, matinou

Agora neva: a todos nos gustaría ser inocentes

